

2 de abril

Día do Libro Infantil e Xuvenil

Con motivo do 2 de abril, **Día do Libro Infantil e Xuvenil**, témosvos preparadas algunhas sorpresas.

Para os máis pequenos temos un **contacontos**, porque, que mellor maneira de celebrar un día tan especial que lendo... E, que conto? Pois, **Sígueme!** (una historia de amor que non ten nada de raro) de José Campanari & Roger Olmos.



(Pica no libro para o contacontos)

E un **taller de plastilina** con Ana Tenreiro, que xa sabemos que vos encanta. Que imos facer nesta ocasión? Mirade:



(Pica no poliño para facelo)

E aos mozos, propoñémosvos que nos bodedes unha man para facerlles unha **homenaxe aos libros**. Como? Moi doado. Enviarnos a biblioteca.infantilxjuvenil@dacoruna.gal unha foto cun libro...con ese libro que vos encantou que volveríades ler unha e mil veces, ese libro co que xurdiu o amor, o que vos recomendou o voso mellor amigo, ese que lían os vosos pais, o libro que vos marcou a infancia,... con todos eles, cando volvamos á Biblioteca, faremos unha gran montaña de libros que nos levará a escalar e alcanzar todos os nosos soños.